

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ORDE do 25 de setembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência non competitiva, de subvencións destinadas á destilación voluntaria de crise e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento MR446B).

O Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) 922/72, (CE) 1037/2001 e (CE) 1234/2007, no seu artigo 216 establece a posibilidade de pagamentos nacionais para a destilación de viño en casos de crise.

Ao abeiro desta normativa, os Estados membros poderán efectuar pagamentos nacionais ás persoas produtoras de viño para a destilación voluntaria ou obrigatoria en casos xustificadas de crise. A aplicación desta medida comporta que o alcohol resultante da destilación se utilizará exclusivamente para fins industriais ou enerxéticos co obxectivo de evitar calquera falseamento da competencia.

Estes pagamentos serán proporcionados e permitirán facer fronte á crise, sinalando que o importe total dispoñible nun Estado membro para eses pagamentos nun ano non poderá ser superior ao 15 % dos fondos anuais totais dispoñibles por ese Estado membro.

O goberno de España, por petición de varias comunidades autónomas, entre elas Galicia, presentou á Comisión Europea unha notificación debidamente xustificada para a aplicación desta medida.

O día 3 de maio de 2024, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comunicou ás comunidades autónomas interesadas a cifra máxima que poden alcanzar en apoio á devandita destilación voluntaria de crise para o ano 2024, e fixou para Galicia a contía máxima de 2.404.103,24 euros.

En todo caso, a intervención de destilación require de autorización previa por parte da Comisión Europea a España para conceder axudas nacionais respecto ao ano 2024, de conformidade co artigo 216 do Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

CVE-DOG: ui9vq4v5-32c6-dzr4-x1w7-myzbfjplld4



O día 9 de agosto, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comunicou ás comunidades autónomas a autorización por parte da Comisión Europea para realizar a destilación de crise.

Esta orde prevé as axudas en concorrencia non competitiva para o apoio á destilación voluntaria de crise de viños tintos amparados pola DO Ribeira Sacra co fin de equilibrar o mercado e para facilitar que as adegas liberen capacidade para poder afrontar a entrada de uva da colleita da campaña 2024/2025.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras xerais e convocar para o ano 2024, en réxime de concorrencia non competitiva, as axudas para a destilación voluntaria de viño amparado pola denominación de orixe Ribeira Sacra en casos de crise, prevista no artigo 216 do Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios.

2. A súa finalidade é facilitar que as adegas liberen capacidade para poder afrontar a entrada de uva da próxima colleita e reducir o exceso de existencias de viño tinto no sector vitivinícola dos viños amparados pola DO Ribeira Sacra.

3. O código de procedemento administrativo é o MR446B.

Artigo 2. *Crédito orzamentario e axuda financeira*

1. As subvencións outórganse con cargo á aplicación orzamentaria 14.80.713F.779.0 proxecto contable 2024 00001 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2024.

2. As axudas reguladas financiaranse con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

CVE-DOG: ui9vq4v5-32c6-dzr4-x1w7-myzbfjplld4



3. A axuda financeira para a destilación voluntaria de crise será de 105,00 €/hl de viño tinto destilado.

4. O importe máximo destinado ao pagamento das axudas ascenderá a cincocentos mil euros (500.000 €).

5. Esta cantidade poderase incrementar sen necesidade de nova convocatoria en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito, cando o aumento veña derivado:

- a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.
- b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.
- c) Dunha transferencia de crédito.

6. O incremento do crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dalgunha das circunstancias antes sinaladas e, de ser o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

7. Nestes casos, publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 3. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas vitivinícolas elaboradoras que no momento da solicitude cumpran todos os seguintes requisitos:

- a) Ser elaboradoras de viño tinto amparado na DO Ribeira Sacra.
- b) Que asuman as obrigas establecidas nos artigos 4 e 5 desta orde.
- c) Que compren ou compresen uva amparada pola DO Ribeira Sacra a persoas viticultoras na campaña vitivinícola 2024/2025 e;

CVE-DOG: ui9vq4v5-32c6-dzr4-x1w7-myzbfjpld4



d) cumbran, ademais, algún destes requisitos:

1º) Ter comprado uva de variedade tinta amparada pola DO Ribeira Sacra na campaña vitícola 2023/2024 a persoas viticultoras.

2º) Ter utilizado uvas de variedade tinta amparada pola DO Ribeira Sacra dos seus propios viñedos na campaña vitícola 2023/2024, actuando como persoas viticultoras.

Artigo 4. *Obrigas xerais das persoas beneficiarias*

1. As persoas beneficiarias, ao formalizaren a súa solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que se establecen nesta orde para a concesión e pagamento das subvencións, así como ao cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente que sexa de aplicación.

2. As persoas beneficiarias destas axudas están obrigadas a:

a) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente ou calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

b) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano da data contable do último pagamento, para os efectos de comprobación e control. Cando proceda, deberán dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos exixidos na lexislación aplicable ás persoas beneficiarias.

c) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable específico en relación con todas as transaccións relacionadas coa subvención que permita seguir a pista de auditoría.

d) Comunicarlle ao Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) a obtención doutras subvencións e axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente, tanto públicos como privados.

e) Comunicarlle ao Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución dos fins para os cales foi concedida a axuda.

CVE-DOG: ui9vq4v5-32c6-dzr4-x1w7-myzbjfjpld4



Artigo 5. Obrigas específicas das persoas beneficiarias

1. Ademais, as persoas beneficiarias deberán presentar antes do 31 de xullo de 2025 unha declaración do destino do alcohol obtido, mencionando, polo menos, os seguintes datos:

a) Datos do destinatario do alcohol, indicando, como mínimo, o nome, NIF, enderezo social, correo electrónico e teléfono de contacto.

b) Relación de documentos de acompañamento do alcohol entregado indicando o seu código de referencia administrativo (ARC).

c) Cantidade e grao volumétrico.

d) Declaración de traballo (modelo 520), que certifique a desnaturalización.

2. Xunto coas obrigas anteriores, as persoas beneficiarias deberán permanecer na actividade de produción vinícola durante os 5 anos seguintes á data da concesión da axuda.

3. Non poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas en que concorran algunha das seguintes circunstancias:

a) As sinaladas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) As previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

c) Aquelas persoas que se atopen en calquera das situacións seguintes:

1º) Situación de crise, segundo se define nas directrices sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas non financeiras en crise (Comunicación 2014/C 249/01, da Comisión, do 31 de xullo de 2014).

2º) Que levasen a cabo actuacións de creación artificial das condicións exixidas para cumprir os criterios de admisibilidade ou de prioridade establecidos nesta orde, demostrando mediante o correspondente procedemento.

3º) Que fosen sancionadas pola comisión dunha infracción grave ou moi grave firme en vía administrativa ou xudicial no referente á Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, nos dous últimos anos.



Artigo 6. Actuacións subvencionables

1. Poderán ser obxecto da axuda de destilación de crise voluntaria os viños tintos a granel que estean amparados pola DO Ribeira Sacra baixo a titularidade dunha empresa vitivinícola que cumpra os requisitos establecidos no artigo 3 desta orde.

2. O viño será entregado pola persoa beneficiaria a unha destilaría autorizada para a destilación de subprodutos da Intervención Sectorial do Viño 2024/2027 para a campaña 2023/2024.

3. O viño debe ter un grao alcohólico adquirido non inferior ao 4,5 % vol., de acordo coa definición recollida na letra b) do punto 1 da parte II do anexo VII do Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) 922/72, (CEE) 234/79, (CE) 1037/2001 e (CE) 1234/2007.

4. O volume subvencionable por persoa beneficiaria será de ata o 50 % do volume equivalente á súa elaboración das entregas de uva tinta de persoas viticultoras na campaña vitícola 2023/2024.

5. O dato de elaboración da última vendima corresponderá ao volume elaborado na campaña vitivinícola 2023/2024 por cada persoa solicitante con uvas de variedades tintas producidas por persoas viticultoras e será achegado polo Consello Regulador da DO Ribeira Sacra.

6. A destilación poderá realizarse, como data límite, ata o 15 de novembro de 2024.

Artigo 7. Destino do alcohol

1. O alcohol obtido da destilación de viño para o que se concedeu a axuda destinarase exclusivamente para o seu uso en procesos industriais, incluída a fabricación de desinfectantes e produtos farmacéuticos ou enerxéticos, co fin de evitar distorsións da libre competencia.

2. Considerarase que o alcohol obtido se destinou a un proceso industrial ou enerxético se o dito alcohol foi desnaturalizado, de acordo co establecido no Regulamento dos impostos especiais aprobado mediante o Real de decreto 1165/1995, do 7 de xullo, coas substancias aprobadas que o fagan impropio para o consumo humano por inxestión.



3. En calquera caso, o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) poderá solicitar da destilaría autorizada información adicional sobre o destino final deste alcohol para comprobar o cumprimento dos requisitos para obter a axuda.

Artigo 8. *Prazo de presentación das solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 9. *Forma de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>)

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e chave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Para os efectos da presentación da solicitude, as persoas interesadas poderán actuar por medio de representantes.

3. Unicamente será posible presentar unha solicitude por persoa solicitante. En caso de presentar varias solicitudes, só será válida a última.

Artigo 10. *Contido da solicitude*

A solicitude (anexo I) contén as seguintes declaracións das persoas solicitantes:

a) Declaración responsable de que non recibe ningunha outra axuda económica para o mesmo produto e finalidade.



b) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

c) Declaración responsable de non acharse en situación de crise, de acordo coa definición das Directrices sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas non financeiras en crise.

d) Declaración responsable da veracidade da información consignada e dos documentos presentados exixidos na presente axuda, asegurando ser copia fiel do orixinal, que deberá estar en poder do beneficiario.

e) Compromiso de permanencia na actividade de produción vinícola durante os 5 anos seguintes á concesión da axuda.

Artigo 11. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar a solicitude (anexo I) debidamente cuberta, onde se fagan constar os datos solicitados. Ademais, xunto con esta solicitude deberá presentar:

a) Acordo asinado cunha destilaría autorizada para recibir o volume de viño para o que se solicita a axuda á destilación co compromiso de ser destilado dentro do prazo establecido e destinar o alcohol obtido a uso industrial ou enerxético. Neste acordo constará o compromiso da empresa destiladora respecto á obriga de presentar á persoa beneficiaria o certificado cos datos da destilación e as declaracións de traballo (modelo 520) do Regulamento dos impostos especiais, resumo das entradas de viño e do alcohol obtido, segundo consta no artigo 20 desta orde.

b) Certificado do Consello Regulador da DO Ribeira Sacra co dato de elaboración da última vendima (campaña vitivinícola 2023/2024).

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente coa solicitude.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

CVE-DOG: ui9vq4v5-32c6-dzr4-x1w7-myzbjfjplld4



As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 12. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa solicitante.
- c) NIF da entidade representante ou o DNI/NIE da persoa representante.
- d) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- e) Certificado de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- f) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia (Atriga).

CVE-DOG: ui9vq4v5-32c6-dzr4-x1w7-myzbjfjplld4



g) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións obtida da Axencia Tributaria de Galicia (Atriga).

h) Consulta de que cada persoa solicitante non fose sancionada pola comisión dunha infracción grave ou moi grave firme en vía administrativa ou xudicial no referente á Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, nos dous últimos anos.

i) Consulta de concesión de subvencións e axudas.

j) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 13. *Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 14. *Procedemento de concesión*

O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o procedemento abreviado previsto no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo a cal as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario, coas garantías previstas no artigo 31.4 da mesma lei.



Artigo 15. Instrución

1. A instrución do procedemento correspóndelle á Subdirección Xeral da PAC do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga).

2. En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ao ser unha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, as solicitudes resolveranse do seguinte xeito:

a) No suposto de que o volume solicitado de viño destinado a destilación non supere os 476.190 litros, subvencionaranse a totalidade dos litros destinados a destilación.

b) No suposto de que o volume solicitado de viño destinado a destilación supere os 476.190 litros, a resolución de concesión establecerá os litros de viño que se poderán subvencionar na contía de 105,00 €/hl, distribuíndo o crédito existente de xeito proporcional ao volume solicitado entre as persoas beneficiarias.

3. De conformidade co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na orde de convocatoria, a Subdirección Xeral da PAC do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) requirirá a persoa interesada para que a emende no prazo máximo e improrrogable de cinco días, indicándolle que, se non o fai, se considerará que desiste da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores, en calquera fase do procedemento poderá ser requirida a persoa solicitante para que achegue a información e documentación que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, seguimento e comprobación da solicitude presentada.

5. As solicitudes que non cumpran as exixencias contidas nesta orde ou na normativa de aplicación, que non conteñan a documentación necesaria ou, de ser o caso, non a presenten nos modelos normalizados, quedarán á disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de inadmisión ou da desestimación, de ser o caso, na cal se indicarán as causas desta. En todo caso, non se admitirán a trámite e arquivaranse sen posibilidade de emenda as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na correspondente convocatoria. Así mesmo, será causa de desestimación da solicitude, sen

CVE-DOG: ui9vq4v5-32c6-dzr4-x1w7-myzbjfjplld4



prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información.

Artigo 16. *Resolución*

1. As resolucións de concesión, denegación e/ou inadmisión das subvencións, tras a fiscalización das propostas do órgano instrutor, de ser o caso, correspóndenlle á persoa titular da Dirección do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), que resolverá por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural.

2. O prazo de resolución e notificación será de 1 mes contado a partir da finalización do prazo de presentación da solicitude. Se no prazo indicado non se dita resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude por silencio administrativo, de acordo co disposto no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. Na resolución de outorgamento da subvención constará a identificación da persoa beneficiaria, a contía da subvención e obrigas que lle correspondan, os requisitos específicos, as obrigas das persoas beneficiarias e as condicións de pagamento da axuda, así como os demais requisitos previstos na normativa para a concesión destas axudas.

4. Unha vez notificada a resolución de concesión da subvención, a persoa beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez días a súa aceptación, comprometéndose a executar a actuación subvencionada no prazo e condicións establecidos na convocatoria. No caso de non comunicar o dito aspecto no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada, segundo o disposto no artigo 21.5, parágrafo 2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. As persoas beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidas.

6. Será causa de denegación da concesión da subvención o esgotamento do crédito consignado para estes efectos na partida orzamentaria fixada na presente orde.

Artigo 17. *Notificacións*

1. As notificacións das resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: ui9vq4v5-32c6-dzr4-x1w7-myzbjfjplld4



2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuarase mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 18. *Réxime de recursos*

1. Esta orde pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Consellería do Medio Rural no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no mesmo diario oficial.

2. As resolucións expresas ou presuntas ditadas ao abeiro da presente orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Consellería do Medio Rural no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento

CVE-DOG: ui9vq4v5-32c6-dzr4-x1w7-myzbjfjplld4



a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa.

Artigo 19. *Modificación da resolución de concesión*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución da subvención por instancia da persoa beneficiaria, sempre que se cumpran os requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Estas bases habilitan para aprobar, nos supostos que proceda, as modificacións atendendo aos obxectivos e requisitos da convocatoria e demais normativa de aplicación.

Artigo 20. *Pagamento*

1. O período temporal da xustificación comprenderá desde a data de resolución ata o 15 de novembro de 2024.

2. O prazo límite para a presentación da documentación xustificativa remata o 30 de novembro de 2024.

3. A solicitude de pagamento realizarase a través da presentación do anexo II debidamente asinada pola persoa que exerza a representación da entidade xunto coa seguinte documentación:

a) Certificado da persoa destiladora autorizada que conteña a información sobre o alcohol obtido a partir do viño entregado, indicando polo menos:

1º) Viño entregado pola persoa beneficiaria, mencionando a cantidade, o grao volumétrico e documento de acompañamento (núm. ARC).

CVE-DOG: ui9vq4v5-32c6-dzr4-x1w7-myzbjfjplld4



2º) Alcohol obtido a partir do viño entregado, mencionando a cantidade, o grao volumétrico e o número de declaración de traballo (modelo 520) do Regulamento de impostos especiais que ampara a fabricación.

3º) Compromiso da persoa destiladora de presentar ao Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), unha declaración do destino do alcohol para uso industrial ou enerxético, xunto co seu certificado de desnaturalización.

b) Copia das declaracións de traballo (modelo 520) do Regulamento dos impostos especiais, e resumo das entradas de viño en fabricación e do alcohol obtido polas cantidades reflectidas nas declaracións de traballo.

4. A destilación deberá ser realizada e xustificada no exercicio orzamentario 2024, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais, que deberán ser comunicadas ao Fogga para que, de ser o caso, manifeste a súa conformidade de maneira expresa.

5. Os pagamentos calcularanse en función do volume destilado. No caso de que o volume xustificado subvencionable sexa igual ou superior ao volume concedido, o importe para pagar axustarase á cantidade concedida. Cando o importe xustificado subvencionable sexa inferior ao concedido, o importe para pagar reducirase proporcionalmente.

6. No caso de que non se destilase un volume superior ao 60 % do inicialmente aprobado, tramitarase un expediente de perda total de dereito ao cobramento das axudas, salvo por causa de forza maior ou circunstancias excepcionais debidamente xustificadas.

7. Non poderá realizarse, en ningún caso, o pagamento da subvención mentres a persoa beneficiaria non figure ao día no cumprimento das súas obrigas (tributarias, estatais e autonómicas) e da Seguridade Social, sexa debedora en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma.

8. Transcorrido o prazo establecido sen ter presentado a documentación xustificativa, o órgano instructor requirirá a persoa beneficiaria para que, no prazo improrrogable de 10 días, a presente. Así mesmo, cando o órgano competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada pola persoa beneficiaria, porao no seu coñecemento e concederlle un prazo de 10 días para a súa corrección. A falta de presentación da xustificación ou a non corrección no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención, de conformidade co disposto nos artigos 45 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



9. Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento das actuacións subvencionadas.

Artigo 21. *Controis*

1. O Fondo Galego de Garantía Agraria poderán realizar cantos controis administrativos e inspeccións *in situ* considere oportunos co fin de comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda.

2. En todo caso, antes do pagamento efectivo da axuda, o Fondo Galego de Garantía Agraria poderá realizar os controis administrativos e sobre o terreo necesarios para comprobar a efectiva realización da destilación solicitada.

3. Realizarase un control administrativo ao 100 % dos expedientes para comprobar o destino do alcohol.

4. Ademais, de maneira complementaria, realizarase control sobre o terreo a un 5 % dos expedientes, de acordo ao determinado no plan de controis anual que se aprobe para o efecto. No caso de ter un número de persoas beneficiarias igual ou inferior a 5, faráselles este control a todos. Estes controis *in situ* poderán realizarse tanto nas instalacións das persoas beneficiarias como nas das destilarias con que se formalizou o contrato.

As persoas beneficiarias desta axuda serán priorizadas na selección da mostra do Plan anual de control da cadea alimentaria, respecto ao cumprimento da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.

5. A través dun plan de control procederase á verificación do cumprimento de compromiso de mantemento da actividade de 5 anos, adquirido polas persoas beneficiarias.

Artigo 22. *Incumprimento, reintegros e sancións*

1. O incumprimento das obrigas e condicións contidas nesta orde ou demais normativa aplicable, así como das que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

CVE-DOG: ui9vq4v5-32c6-dzr4-x1w7-myzbjfjpld4



2. Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da axuda concedida, mediante o seu ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia que lles será facilitada polo órgano xestor, en concepto de devolución voluntaria da axuda. Neste caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal consten a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da axuda concedida.

Artigo 23. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as persoas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 24. *Publicación dos actos*

1. Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as subvencións concedidas, con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputen, a persoa beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

2. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e a referida publicidade.



Artigo 25. *Publicidade da subvención concedida*

1. En virtude do disposto non artigo 18.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Base de datos nacional de subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

2. Para tales efectos, deberase remitir á Base de datos nacional de subvencións a información pertinente sobre cada axuda individual concedida ao abeiro deste réxime, no prazo de doce meses desde o momento da súa concesión e nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 26. *Incompatibilidade das axudas*

Estas axudas son incompatibles con calquera outra para a mesma finalidade.

Artigo 27. *Remisión normativa*

En todo o non previsto nesta orde aplicárase o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ademais do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación.

Disposición adicional primeira. *Convocatoria 2024*

Apróbase o gasto e convócanse as axudas para a destilación voluntaria de crise 2024 por un importe de 500.000,00 € de acordo coa seguinte distribución orzamentaria:

– Exercicio orzamentario: 2024.

– Aplicación orzamentaria: 14.80.713F.779.0 proxecto contable 2024 00001. Importe/euros 500.000,00 €.

Disposición adicional segunda. *Delegación de competencias*

Autorízase expresamente a persoa titular da Dirección do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) para actuar, por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamentos, en relación co disposto no artigo 73.a) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.



Disposición adicional terceira. *Certificación de non inicio*

Con carácter xeral, a destilación non poderá estar iniciada antes da resolución de concesión de axuda.

Se for necesario iniciar a destilación despois da publicación da orde de axudas e antes da resolución das solicitudes, de forma excepcional, poderase facer unha certificación de non inicio con carácter previo á destilación.

A persoa que pretenda facer a destilación deberá solicitar, por medios electrónicos a través do formulario normalizado PR004A dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), ao Fondo Galego de Garantía Agraria de cada provincia onde radique a adega, a emisión dun certificado de non inicio da destilación.

O certificado de non inicio deberá indicar, como mínimo, a data de visita a adega, o nome e localización da adega, os litros de viño que se pretenden destilar, así como a identificación das cubas ou lugar de almacenamento do viño que se vai destilar.

Esta certificación de non inicio formará parte do expediente administrativo da solicitude e quedará incluída no mesmo procedemento administrativo.

A realización da certificación de non inicio en ningún caso implica dereito para a concesión da axuda.

A realización da certificación de non inicio poderá dar lugar ao pagamento das correspondentes taxas.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento*

A Dirección do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) ditará as instrucións que sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024

María José Gómez Rodríguez
Conselleira do Medio Rural

CVE-DOG: ui9vq4v5-32c6-dzr4-x1w7-myzbjfjpld4



PROCEDEMENTO AXUDA PARA A DESTILACIÓN VOLUNTARIA DE CRISE	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO MR446B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
TIPO DE IDENTIFICACIÓN	PAÍS EMISOR IDENTIFICACIÓN	Nº DE IDENTIFICACIÓN	
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	
PAÍS DE RESIDENCIA			
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
PREFIXO	TELÉFONO 1	PREFIXO	TELÉFONO 2
CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
TIPO DE IDENTIFICACIÓN	PAÍS EMISOR IDENTIFICACIÓN	Nº DE IDENTIFICACIÓN	
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia- Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.	
Envíananse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal :	
PREFIXO	TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO	

OBXECTO DA SOLICITUDE	
Axuda para a destilación de	hectolitros viño tinto a granel da DO Ribeira Sacra
Polo importe de	€ (IVE engadido)



A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE COMPROMÉTESE A:

1. Destilar o viño nunha destilaría autorizada para as axudas de destilación de subprodutos da Intervención Sectorial do Viño 2024/2027 para a campaña 2023/2024.
2. Comunicarlle ao Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución dos fins para os cales foi concedida a axuda.
3. Reintegrar total ou parcialmente a subvención percibida en caso de incumprimento das obrigas e condicións contidas na orde de axuda ou demais normativa aplicable.
4. Permitir á autoridade competente realizar todos os controis necesarios e poñer á súa disposición os documentos xustificativos cando estas o soliciten.
5. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable específico en relación con todas as transaccións relacionadas con esta subvención.
6. Presentar antes do 31 de xullo de 2025 unha declaración do destino do alcohol obtido seguindo o establecido no artigo 5.1 da orde de axuda.
7. Permanecer na actividade de produción vinícola durante os 5 anos seguintes á data da concesión da axuda.

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
 - ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
 - ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non atoparse en situación de crise, segundo se define nas directrices sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas non financeiras en crise (Comunicación 2014/C 249/01, da Comisión, do 31 de xullo de 2014).
5. Comprométese a permanecer na actividade de produción vinícola durante os 5 anos seguintes á concesión da axuda.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Acordo asinado cunha destilaría autorizada para recibir o volume de viño para o que se solicita a axuda de acordo ao art. 11.1.a).
- ☐ Certificado do Consello Regulador da DO Ribeira Sacra co dato de elaboración da última vendima (campaña vitivinícola 2023/2024).



COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Certificado de estar ao día nas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia (Atriga)	☐
Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas por reintegro de subvencións obtidas da Axencia Tributaria de Galicia (Atriga)	☐
Consulta de que a persoa solicitante non foi sancionada pola comisión dunha infracción grave ou moi grave firme en vía administrativa ou xudicial no referente á Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, nos dous últimos anos	☐
Consulta de concesións de subvencións e axudas	☐
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
NIF da entidade representante	☐ Si ☐ Non
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)	☐ Si ☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural. Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga).
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e) do RPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)





ANEXO I
(continuación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 25 de setembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência non competitiva, de subvencións destinadas á destilación voluntaria de crise e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento MR446B).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga)

CVE-DOG: ui9vq4v5-32c6-dzr4-x1w7-myzbjfjpld4



SOLICITUDE DE PAGAMENTO
MR446B - AXUDA PARA A DESTILACIÓN DE CRISE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

TIPO DE IDENTIFICACIÓN	PAÍS EMISOR IDENTIFICACIÓN	Nº DE IDENTIFICACIÓN
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

TIPO DE IDENTIFICACIÓN	PAÍS EMISOR IDENTIFICACIÓN	Nº DE IDENTIFICACIÓN
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA	NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

A PERSOA SOLICITANTE

SOLICITA o pagamento da axuda conforme o previsto na normativa vixente, por un total de euros (IVE incluído), e o ingreso desta axuda na conta bancaria sinalada.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Certificado do destilador autorizado que conteña a información sobre o alcohol obtido a partir do viño entregado (artigo 20.3.a).
- ☐ Copia das declaracións de traballo (modelo 520) do Regulamento dos impostos especiais, e resumo das entradas de viño en fabricación e do alcohol obtido polas cantidades reflectidas nas declaracións de traballo.



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural. Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga).
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga)

CVE-DOG: ui9vq4v5-32c6-dzr4-x1w7-myzbjfjplld4

